

A EVOLUCIÓN NAS COMUNICACIÓNS DIXITAIS



ENCONTRO en LIÑA

22 de marzo de 2022
9:30 h - 10:30 h

A crise da pandemia COVID-19 acelerou o desenvolvemento de proxectos de dixitalización en entidades, administracións e empresas, que se beneficiaron da aparición de diferentes tecnoloxías emerxentes.

Prevese que no ano 2022 a cifra de usuarios de teléfonos móbiles no mundo creza por encima dos 7.000 millóns. Existen grupos en risco de exclusión dixital que presentan dificultades tanto na dispoñibilidade como no uso de ordenadores e no manexo do correo electrónico, pero a maioría deles si dispoñen e usan un teléfono móbil.

Por unha banda, a seguridade dixital debe estar en primeiro plano, xa que hai que reducir o máis posible os riscos e conseguir que a experiencia de clientes e administrados sexa o máis prazenteira e segura posible.

Doutra banda, a cantidade de entidades coas que interactúa un cidadán é moi elevada, e dado que cada unha posúe o seu propio sistema de comunicación, fai moi difícil estar realmente ao día nas informacións que nos envían.

Por último, coa comunicación convencional, as empresas e administracións non dispoñen de feedback sobre a evolución ou impacto das súas comunicacións, e por iso non poden actuar en consecuencia.

Presentamos nesta xornada un concepto novo de interacción, baseado na tecnoloxía cloud e comunicacións push, seguro e completo para comunicarnos co noso público obxectivo.

Programa

Presentación

M^a José Mariño Fontenla, Directora de Centros da Axencia Galega de Innovación.

Invitado

Jul Díaz Otero, CEO en GOHU.

- Problemas actuais na comunicación dixital
- Visión dos usuarios
- Visión das empresas
- Aspectos relevantes dunha comunicación dixital do século XXI
- Comparativa entre diferentes sistemas de Comunicación

Demostración práctica**Diálogo**

Co fin de poder gozar dunha experiencia real na fase de "Demostración práctica", recoméndase descargar e instalar previamente a aplicación Gohu, da Apple Store ou da Google Play, desde "gohu.es".

MAIS INFORMACIÓN E CONTACTO

Data: **22 de marzo**

Horario: **de 9:30h a 10:30h**

Modalidade: **online**

Prazo de inscrición: **hasta el 21 de marzo**

Teléfono: **981 337 173**

e-mail: **infocistd.gain@xunta.gal**

